



Don Juan Constenla Carbón. Concelleiro Delegado de Cultura

PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Que se aproben as seguintes Bases para a convocatoria do concurso de disfraces do Entroido da Estrada 2023

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DA ESTRADA 2023”.

CONCURSO DE DISFRACES:

Dando continuidade ó que se ven celebrando dende hai varios anos na Estrada, en consideración á gran importancia que o entroido ten na Estrada e na nosa comarca. Así como a relevancia que ten na nosa zona, o concello convoca o Concurso de Disfraces o vindeiro día 20 de Febreiro de 2023.

1. Obxecto e fins da convocatoria

Estas bases teñen por finalidade regular os criterios de concesión dos premios do Concurso de Disfraces.

A dotación global do Concurso é de 2.870,00€, con cargo á partida nº 330.489.05

Os fins que persegue este concurso son :

- A orixinalidade e creatividade persoal
- A participación activa e humorística no desfile

2. Beneficiarios

Poderán participar neste certame tódalas asociacións, barrios, parroquias, colexios e persoas que o desexen

Non se porán limitacións en canto ao número máximo de participantes, pero sí haberá un número mínimo de cinco persoas para a categoría de grupos

As inscricións faranse no Departamento de Alcaldía do Concello, das 9:00 ás 14:00 horas, a través da sede electrónica do Concello ou ben a través do seguinte enderezo electrónico: alcaldia@astrada.gal sendo imprescindible que o departamento de Alcaldía confirme a recepción da folia de inscrición enviada a este correo. **A data limite de inscrición será o venres 17 de febreiro ás 14:00 horas.**

3. Xurado





O Concurso será xulgado na súa totalidade pola Concelleira de Mocidade Dona Lucía Seoane Rosende, polo membro de Producións Tripode e colaborador radiofónico D. Juan Pedro Pérez Pérez e por outra persoa vinculada ao mundo cultural de A Estrada.

4. Criterios de valoración

Neste Concurso valoráranse os aspectos artísticos dos disfraces, a orixinalidade, a creatividade e terase en conta ademais a participación activa e humorística no desfile.

5.- Contía dos premios.-

O Concurso estará dividido en:

CATEGORÍA INDIVIDUAL INFANTIL (ata 14 anos)

1º premio.....	90,00 euros
2º premio.....	60,00 euros
3º premio.....	30,00 euros

CATEGORÍA INDIVIDUAL ADULTO

1º premio.....	120,00 euros
2º premio.....	90,00 euros
3º premio.....	30,00 euros

CATEGORÍA PARELLAS

1º premio.....	150,00 euros
2º premio.....	100,00 euros
3º premio.....	50,00 euros





CATEGORÍA GRUPOS

- 1º premio.....1000,00 euros
- 2º premio.....600,00 euros
- 3º premio.....300,00 euros

Establécese un **PREMIO ESPECIAL** na categoría de GRUPOS de 200 € para un grupo local. Para considerarse grupo local deberá estar formado con un mínimo do máis 50% residentes de A Estrada. Este premio non será outorgado se fosen premiados en outras modalidades e deberase indicar na folia de inscrición se cumpren o requisito para poder optar a esta modalidade.

Establécese un único PREMIO a **MELLOR MASCOTA DISFRAZADA** por un importe de 50 €

O Concello poderá declarar deserto calquera dos premios establecidos a proposta do xurado.

6.- Celebración do concurso.-

A celebración do concurso terá lugar o día 20 de Febreiro de 2023. Comezará ás 16:00 h , debendo presentarse os concursantes entre as 15:00 horas e as 15:45 horas. O itinerario do desfile iniciárase dende a praza da feira para continuar o desfile pola rúa Calvo Sotelo, rúa Justo Martinez, rúa Irida, rúa Alfonso Castelao e rúa Irmáns José e Severino Trigo para rematar na praza da Feira .

7.- Entrega de premios.-

Os premios entregaranse de maneira simbólica no día da celebración do concurso polo Alcalde D. José C. López Campos, o concelleiro de Cultura D.

_____.





Juan Constenla Carbón, e a Concelleira de Mocidade D^a. Lucía Seoane Rosende debendo estar presente o gañador/es.

Segundo o disposto no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións as agrupacións de persoas físicas ou que participen de xeito individual se resultasen gañadoras deberán de achegarnos :

- Fotocopia do DNI (no caso de menores tanto do menor como do titor/a legal)

- Declaración de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria de Galicia e o Concello de A Estrada e de non estean incursas en ningún dos supostos que aparecen no citado articulo de incompatibilidade para recibir subvencións (aportase modelo)

- Certificado de conta bancaria

No caso de entidades xurídicas:

- CIF da Entidade

- Alta no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia

- Documento acreditativo da composición actual da Xunta directiva da entidade

- NIF do representante da asociación

- Declaración de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria de Galicia e o Concello de A Estrada e de non estean incursas en ningún dos supostos que aparecen no citado articulo de incompatibilidade para recibir subvencións (aportase modelo)

- Certificado de conta bancaria

- Documento acreditativo de exención de IVE de ser o caso

Aos premios maiores de 300 € seralle aplicado a súa correspondente retención do IRPF segundo lexislación vixente.

Os gañadores terán de prazo para presentar a documentación necesaria para o cobro do premio ata o 21/03/2023. De non facer entrega da mesma neste prazo perderan o dereito o cobro da mesma.





8.- Aceptación.-

A inscrición neste concurso ante o Concello da Estrada supón a total aceptación destas bases.

O CONCELLEIRO DE CULTURA

DON JUAN CONSTENLA CARBÓN

Documento asinado dixitalmente ao marxe

